



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Concesión do uso privativo do almacén sito no segundo andar da Casa da Cultura de Cee á Fundación Fernando Blanco de Lema. Expediente nº 2025/X999/000034

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Concesión do uso privativo do almacén sito no segundo andar da Casa da Cultura de Cee á Fundación Fernando Blanco de Lema. EXPEDIENTE Nº 2025/X999/000034.

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000409

ANTECEDENTES DE RELEVANCIA:

Solicitud de cesión por adjudicación directa dun espazo situado no segundo andar da casa da cultura de cee para o seu uso como almacén por parte da FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA en data 4 xaneiro de 2025.

Informe técnico de data 31 de marzo de 2025 emitido pola Arquitecta municipal.

Oficio Alcaldía de emenda.

Presentación de documentación.

Exposición pública BOP e informe do rexistro da Corporación.

Informe de Secretaría.

Pregos de Cláusulas Administrativas particulares.

Resolución Alcaldía pola que se aproba o expediente de contratación para a adjudicación.

Documentación presentada pola Fundación previo requirimento.


Informe de Fiscalización.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, e o establecido no RBEL e LPAP e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**


PRIMEIRO. Adjudicar á FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA a concesión do uso privativo do almacén sito no segundo andar da Casa da Cultura de Cee, mediante procedemento de adjudicación directa, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares (que rexen o procedemento para adjudicación directa dun espazo situado no segundo andar da Casa da Cultura de Cee para o seu uso como almacén por parte da Fundación benéfico docente Fernando Blanco (concesión demanial).

A continuación detállase o obxecto da concesión demanial:

Exp. 2025/G003/000409



SEGUNDO. O prazo da concesión do ben de dominio público será de 20 anos con posibilidade dunha única prorroga por 5 anos. A prórroga entenderase concedida se ningunha das dúas partes, antes do vencemento do prazo, manifesta a súa disconformidade. En todo caso o uso será como almacén por parte da Fundación benéfico docente Fernando, de conformidade coa súa instancia e co informe técnico, e a distribución que se detalla:



TERCEIRO. Notificar a **FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA** coa indicación expresa de que contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a presente resolución para xeral coñecemento.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 28 de Maio de 2025

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]

2025/3518